

OS NÓSOS CASTELOS: CASTRO DE OURO E O MARISCAL PARDO DE CELA

INSTITUTO DE ESTUDIOS GALLEGOS PADRE SARMIENTO
CSIC-XUNTA DE GALICIA

Os nosos castelos: Castro de Ouro e o mariscal Pardo de Cela

OBXECTIVO XERAL

O obxectivo do proxecto é dobre. Por unha banda, colaborar coas institucións locais no labor de difusión do patrimonio histórico e monumental do castelo de Castro de Ouro no seu lugar de asentamento, así como facer partícipes da actividade divulgadora a persoas que, sen estar vinculadas a centros de investigación ou de ensinanza, poidan achegar información, fotografías, debuxos, etc, sobre o castelo. Doutra banda, profundar na figura e familia do mariscal Pardo de Cela.

DESTINATARIOS

Escolares (Educación Primaria e ESO) e público interesado en xeral.

EQUIPO DE TRABALLO

Membros do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS), —centro dependente do CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas) e, desde o ano 2000, de titularidade compartida coa Xunta de Galicia— e membros externos para actividades concretas.

Integrantes do grupo:

- Eduardo Pardo de Guevara y Valdés.
- Pablo S. Otero Pineyro Maseda.
- María Gloria de Antonio Rubio.
- Rosario Valdés Blanco-Rajoy
- Miguel García-Fernández.
- Jeniffer Fernández González.
- María Rivo Vázquez.
- Carlos Andrés González Paz.
- Álvaro Solano Fernández-Sordo.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA DO IEGPS

Ao longo das últimas décadas o IEGPS desenvolveu numerosos proxectos de investigación relacionados co patrimonio histórico e documental de Galicia que permiten abordar, sen dificultades, o proxecto *Os nosos Castelos da Ribeira Sacra: Castro Caldelas*. Entre outros:

- Inventario documental e gráfico das fortalezas medievais de Galicia (I), (II), (III), (IV).
- Dicionario Biográfico da Galicia dos Trastámara (1369-1480).


- Corpus de Epigrafía, Heráldica e Escultura Funeraria Medieval Galega (I), (II), (III).
- Mulleres con poder ao final da Idade Media: colección de documentos.
- Mulleres con poder ao final da Idade Media: o testamento, a morte e a memoria.
- Liñaxe, parentela e poder: a pirámide nobiliaria galega (séculos XIII ao XV) (I), (II).
- A casa señorial en Galicia (séculos XIII-XVI). Materiais para o seu estudo.

ACTIVIDADES A REALIZAR

1. Exposición.

- Data: do 25 de novembro ao 22 de decembro de 2022.
- Lugar de celebración: castelo de Castro de Ouro.
- Contido:
 - 8 Paneis:
 - Panel 1: CSIC / imaxe do castelo (pendente de determinar) / selo do IEGPS.
 - Panel 2: O castelo: planta e explicación.
 - Panel 3: O castelo: fotografías antigas e modernas e/ou curiosidades.
 - Panel 4: Debuxos doutros castelos ou casas relacionadas co Mariscal
 - Panel 5: Xenealoxía dos Pardo de Cela con código QR nalgúns personaxes para descargar a súa biografía. (Ao redor dunha ducia).
 - Panel 6: As armerías dos señores de Castro de Ouro.
 - Panel 7: Os documentos
 - Panel 8: Castro de Ouro na súa contorna (Pendente de definir a área concreta).

Exemplo dos paneis sobre o castelo de Castro Caldelas realizada o ano pasado:



- Varios paneis con todos os debuxos presentados ao concurso, agrupados por ciclos.

- Xornada inaugural da exposición:

- Conferencia inaugural impartida por Eduardo Pardo de Guevara y Valdés.
 - Data: 25 de novembro de 2022.
 - Hora: 17:00 h.
 - Título: pendente de definir.
- Entrega de premios do concurso de debuxo (autoridades locais, Eduardo Pardo de Guevara e organizadores).
 - Hora: 18:30 h.

2. Concurso de debuxo.

- Nome: II concurso de debuxo escolar *Debuxando os nosos castelos*.
- Dirixido a: escolares de Educación Primaria e ESO agrupados por ciclos:

- 1º - 2º de Primaria
- 3º - 4º de Primaria
- 5º - 6º de Primaria
- 1º - 2º de ESO
- 3º - 4º de ESO

- Categorías de premios: un lote de libros de divulgación científica adaptado ao nivel dos participantes en cada un dos ciclos.
- Bases: ver anexo1.
- Prazo de presentación de orixinais no IEGPS: 15 de outubro até o 1 de novembro de 2022 (ver anexo 1).

3. Obradoiro de heráldica para nenos e nenas.

- Lugar: centro escolar.
- Data: a decidir polo centro escolar.
- Ciclos: 3º a 6º de Primaria.
- Hora: horario escolar.
- Obxectivo: achegar os nenos e nenas a algunhas das ferramentas ás que os historiadores e historiadoras recorren na súa actividade investigadora, neste caso, os emblemas heráldicos ou escudos en xeral, e os dos Pardo de Cela en particular.
- Materiais: O IEGPS proporcionará ao alumnado o material necesario para realizar o obradoiro (recortables, modelos con deseños).

4. Desenvolvemento dunha páxina web.

- Obxectivo: a libre disposición da información exposta e ampliada, nalgúns casos, cando finalice a exposición.
- Contidos:
 - Paneis (os 8 paneis da exposición).
 - Biografías (dos personaxes que levan un código QR na árbore xenealóxica cun “para saber máis...” coa bibliografía utilizada na redacción da mesma.
 - Bibliografía sobre o castelo.
 - Imaxes do castelo.
 - Debuxos do concurso.
 - *Quen somos* (historia do IEGPS e do grupo de investigación).

DATOS DE CONTACTO

Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento

Rúa San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 02 31 | 981 54 02 20

Mail: divulgacion@iegps.csic.es | direccion.iegps@csic.es